

Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática

Avenida Puerta de Hierro s/n, Complejo La Moncloa

28071 Madrid

**INFORMACIÓN PARA O CATÁLOGO
DE SIMBOLOXÍA FRANQUISTA EN FERROLTERRA,
EUME E ORTEGAL (124)**

(Artigo 36.2 da Lei de Memoria Democrática)

MANUEL MONGE GONZÁLEZ, con DNI [REDACTED], enderezo en rúa [REDACTED] [REDACTED] A Coruña, correo electrónico manolomongegonzalez@gmail.com e teléfono [REDACTED].

Presenta este catálogo de 124 símbolos franquistas e elementos contrarios á memoria democrática de dez concellos de Ferrolterra, Eume e Ortegál na provincia da Coruña (Ferrol 65, Ares 14, Cariño 4, Fene 3, Mañón 2, Mugar dos 8, Narón 7, Neda 2, Ortigueira 10, Pontedeume 8, San Sadurniño 1), en aplicación do que sinala o artigo 36.1 da Lei de Memoria Democrática (LMD): "A Administración Xeral do Estado confeccionará en colaboración co resto das administracións públicas un catálogo de símbolos e elementos contrarios á memoria democrática, incorporándose ao mesmo en todo caso os datos subministrados polas comunidades autónomas, e conterá a relación de elementos que deban ser retirados ou eliminados, nos termos do artigo 35". Por outra parte, o artigo 36.2 sinala: "**Poderán incluírse no mesmo aqueles elementos que se soliciten polas vítimas, os seus familiares** ou as entidades memorialistas, en defensa de seu dereito ao honor e a dignidade, ou resulten de **estudos e traballos de investigación**."

SOLICITA

Que se teña en conta o seguinte catálogo, que presento en calidade de vítima, por partida dobre. A nivel persoal porque en 1968, como preso político, estiven mes e medio no cárcere de Basauri (Vizcaya) onde coincidín, entre outros, con Nicolás Redondo, dirixente da UGT e o pintor Agustín Ibarrola. Dous meses en 1973 no cárcere da Coruña, con motivo do *Proceso 1.001* contra dirixentes de CCOO. Fun detido dúas veces na Comisaría da Coruña. Despedido do Colexio Tirso de Molina de Ferrol en 1973 "por faltas injustificadas al trabajo" (estaba no cárcere). Despedido en 1974 do colexio público Ibáñez Martín de Ferrol "por orden gubernativa". Por outra parte, varios **familiares** foron asasinados en Dueñas (Palencia) despois do golpe militar de 1936 contra o goberno lexítimo da República.

Como membro da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña (CRMH) e como sociólogo, teño publicado **traballos de investigación** como o libro “Os restos do franquismo en Galiza. Exaltación, honras, privilexios e distincións a golpistas, franquistas e criminais” (*Edicións Laiovento* 2020).

Tendo en conta o citado artigo 35.1 da LMD –“Considéranse **elementos contrarios á memoria democrática** as edificacións, construcións, escudos, insignias, placas, calquera outros elementos ou obxectos pegados a edificios públicos ou situados na vía pública nos que se realicen mencións conmemorativas en **exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar e da Ditadura, dos seus dirixentes, participantes no sistema represivo** ou das organizacións que sustentaron a ditadura e as unidades civís ou militares de colaboración entre o réxime franquista e as potencias do eixo durante a Segunda Guerra Mundial”–, estes serían os elementos contrarios á memoria democrática que se deberían retirar nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal:

FERROL (65)

HONRAS E DISTINCIÓNS (24)

Fillo Predilecto (7)

José María González-Llanos y Caruncho. Fillo Predilecto (3-6-1968). **Contralmirante** da Armada na ditadura. Recibe a “Medalla de la Campaña (1936-1939)” pola súa **participación no exército sublevado** o 18 de xullo de 1936. Pleno de Ferrol de 2-3-1981 retiraba a súa rúa, hoxe Circunvalación. Ministra de Defensa retira a súa rúa do Arsenal Militar.

Francisco Núñez Rodríguez. Fillo Predilecto (4-12-1967). Militar golpista. **Almirante** da Armada na ditadura. Foi un dos promotores do golpe de Estado de 1936 en Ferrol. Almirante. **Capitán Xeneral** de Ferrol na ditadura até 1968.

Francisco Franco Salgado-Araujo. Fillo Predilecto (3-3-1965). Golpista, estreito colaborador do seu curmán Francisco Franco. Tenente Xeneral. Xefe da Casa Militar de Franco. **Capitán Xeneral** da V Rexión Militar.

Pablo Martín Alonso. Fillo Predilecto (7-6-1961). Golpista. **Ministro** do Exército na ditadura e Tenente Xeneral.

A Orde de decembro de 2009 de Carme Chacón, ministra de Defensa, retiraba o nome *General Martín Alonso*, que tiña instalación militar de Talarn (Lleida).

Pedro Nieto Antúnez. Fillo Predilecto (3-5-1961). Militar golpista. Almirante e **Ministro** de Mariña na ditadura.

Perde a distinción de Fillo Adoptivo na Coruña (2010), Pontevedra, Santiago (19-7-2018) e Cedeira (2-10-2020), sempre co voto a favor do PSOE.

Juan Antonio Suanzes Fernández. (Marqués de Suanzes desde 1960). Fillo Predilecto (12-5-1952). Militar golpista. **Ministro** de Industria e Comercio na ditadura (1938-1939 e 1945-1951). Xeneral de División.

As Pontes, alcaldía do PSOE, retira a súa rúa en xullo de 2017. **Málaga**, alcaldía do PP, retíralle a distinción de Fillo Adoptivo e Medalla de Málaga (29-11-2007). **Puertollano** (Cidade Real), alcaldía do PSOE, retíralle a Medalla de Prata e Brillantes (29-3-2019). Perde o título nobiliario de Marqués de Suanzes, como recolle o artigo 41.1 da Lei 20/2022 de 19 de outubro de Memoria Democrática (LMD).

Salvador Moreno Fernández. Fillo Predilecto (2-5-1949). Militar golpista. Almirante e **Ministro** de Mariña na ditadura.

O Pleno de Ferrol (2-3-1981), alcaldía do PSOE retira a súa rúa, hoxe Irmandiños. Pontevedra, cos votos do BNG e PSOE, retira a rúa en outubro de 2002, hoxe Rosalía de Castro. Cedeira, alcaldía do PSOE, retiraba (2-10-2020) a distinción de Fillo Adoptivo. O Ministerio de Defensa cambiaba o nome do colexio Salvador Moreno por Sebastián Elcano en 2021, a proposta da CIG. A ministra de Defensa retira a súa rúa do Arsenal Militar de Ferrol.

Fillo Adoptivo (11)

Benjamín de Arriba y Castro. Significada figura da **igrexia franquista**. Bispo de Mondoñedo (1935-1944), Oviedo (1944-1949) e arcebispo de Tarragona (1949-1970).

O Pleno de Ferrol cambiaba en 1981 a súa praza, diante da igrexa castrense de San Francisco, por Juan Sebastián Elcano, pero aínda no foi retirada a placa vella.

Juan Cardona Rodríguez. Fillo Adoptivo (3-12-1973). Alístase en 1936 como voluntario no exército sublevado. Voluntario na **División Azul**, recibe a Cruz de Ferro polos servizos prestados ao exército nazi.

A Lei de Memoria Democrática inclúe como símbolos e elementos contrarios á memoria democrática (artigo 35) "As unidades civís ou militares de colaboración entre o réxime franquista e as potencias do eixo durante a Segunda Guerra Mundial" (División Azul).

Gonzalo Fernández de la Mora y Mora. Fillo Adoptivo (18-6-1973). Monárquico e militante da extrema dereita. **Ministro** de Obras Públicas na ditadura (1970-1974).

Santiago retiroulle a distinción de Fillo Predilecto (19-7-2018), co voto a favor de Compostela Aberta, PSOE e BNG. Cedeira, alcaldía do PSOE, retiroulle a distinción de Fillo Adoptivo (2-10-2020).

Enrique Salgado Torres. Fillo Adoptivo (4-12-1967). **Falanxista** e participante na represión. Voluntario no exército sublevado. Director do Instituto Nacional da Vivenda.

Ferrol cambiaba a súa rúa en 1981, hoxe Alcalde Quintanilla Martínez.

José María Martínez y Sánchez-Arjona. Fillo Adoptivo (4-12-1967). Falanxista. **Ministro** da Vivenda na ditadura.

O Pleno de Sevilla (18-7-2008), alcaldía do PSOE, eliminaba a súa rúa.

Manuel Lora Tamayo. Fillo Adoptivo (4-4-1967). **Ministro** de Educación na ditadura (1962-1968).

Málaga, alcaldía do PP, retiráballe (29-11-2007) a distinción de Fillo Adoptivo e Medalla de Málaga. Santiago (19-7-2018), tamén co voto do PSOE, retiráballe a distinción.

José María López Ramón. Fillo Adoptivo (2-3-1963) e Alcalde de Honra. Militar golpista, xornalista e **Alcalde** de Ferrol (1959-1963). Procurador nas Cortes franquistas e Gobernador Civil de Ourense.

Jorge Vigón Suerodíaz. Fillo Adoptivo (8-2-1958). Militar implicado no golpe de Estado de 1936. **Ministro** de Obras Públicas na ditadura.

Ferrol cambiou a súa rúa en 1981, hoxe As Pías. Os concellos de Valencia e Santurtzi (Biscaia) retiráronlle as distincións.

Fernando Suárez de Tangil y Angulo, Conde de Vallengano. Fillo Adoptivo (3-1-1952). Implicado no fracasado golpe de Estado do Xeneral Sanjurjo en agosto de 1932. Participante na sublevación de 1936. **Ministro** de Obras Públicas na ditadura (1951-1957) e presidente do Consello de Estado en 1958.

Perdeu a distinción de Fillo Adoptivo en Tarragona e Palencia, o mesmo que en Bugos (6-10-2017), por unanimidade e alcaldía do PP. Alacante retiráballe a distinción de Fillo Adoptivo, após sentenza xudicial. Perde o título nobiliario de Grandeza de España polo artigo 41.1 da LMD.

Eduardo Ballester Peris. Fillo Adoptivo (xaneiro 1941). Avogado. **Alcalde** de Ferrol na ditadura (1939-1947).

Ferrol cambia a súa rúa en 1981, por Euskadi e o Parque Municipal Eduardo Ballester por Reina Sofía.

Pedro Barrié de la Maza. Fillo Adoptivo, (16-6-1967). Empresario, banqueiro, **franquista e participante na represión** (depuración do persoal do Banco Pastor após 1936). Financiou o exército de Franco. Participou no roubo do Pazo de Meirás e da Casa Cornide da Coruña, para proveito persoal da familia Franco.

Ares cambiaba en abril de 2016 o nome do Colexio Conde de Fenosa, inaugurado en 1973. Sada (Pleno de 29-1-2021) retiráballe o nome dunha avenida e a distinción de Fillo Adoptivo, cos votos a favor de Sada Maioría, BNG e PSOE. Corcubión (alcaldía do PSOE) aprobaba retirar a Barrié a distinción de Fillo Adoptivo despois da aprobación dunha moción do BNG no Pleno de 20 de xaneiro de 2022 para iniciar o

expediente para a retirada da distinción. A LMD (artigo 41.1) retíralle o título nobiliario de Conde de Fenosa.

Medalla de Ouro (2)

Juan Antonio Suanzes Fernández

Rei Juan Carlos

Nunca condenou a ditadura franquista, manifestou admiración polo ditador e estaba moi agradecido a Franco. Seis días despois do seu falecemento concedía por decreto títulos nobiliarios á familia: Ducado de Franco e Señorío de Meirás.

O 22 de xullo de 1969 e ante o Pleno das Cortes, o ditador Franco propón a instauración da monarquía do Movemento e a Juan Carlos como o seu sucesor para que “todo quede atado y bien atado para el futuro”. Franco lembra que a orixe do réxime está na sublevación fascista: “nace de aquel acto decisivo del 18 de julio, que constituye un hecho histórico transcendente que no admite pactos ni condiciones”. Franco sinala que propón como o seu sucesor a Juan Carlos de Borbón y Borbón porque “ha dado claras muestras de lealtad a los principios e instituciones del Régimen”.

O 23 de xullo de 1969 aceptaba o ofrecemento de Franco e cando Antonio Iturmendi, presidente das Cortes, pregunta a Juan Carlos, este reponde: “Sí, juro lealtad a Su Excelencia el Jefe del Estado y fidelidad a los Principios del Movimiento Nacional y demás Leyes Fundamentales del Reino”. Juan Carlos recoñecía a lexitimidade da ditadura, resultado da sublevación, e os “sufrimientos necesarios”: “Quiero expresar en primer lugar, que recibo de su Excelencia el Jefe del Estado y Generalísimo Franco, la legitimidad política surgida del 18 de julio de 1936, en medio de tantos sacrificios, de tantos sufrimientos, tristes, pero necesarios, para que nuestra patria encauzase de nuevo su destino”.

Pontevedra (gobierno municipal de BNG-PSdeG) retiraba a avenida Juan Carlos I. O goberno de Navarra, presidencia socialista, retiraba o retrato do rei Juan Carlos da Sala de Goberno en xuño de 2020. Pinto (Madrid), alcaldía do PSOE, retiraba o 30 de xullo de 2020 o nome do parque Juan Carlos I e un busto do rei na entrada: “Alguien que no es capaz de tener una conducta intachable no debe recibir homenaje público”. Xixón, alcaldía socialista, cambiaba o nome da avenida Juan Carlos I porque “ya no representa los valores institucionales, morales y democráticos de la sociedad”.

Medalla de Prata (2)

Gonzalo Fernández de la Mora y Mora

José María González-Llanos y Caruncho

Alcalde de Honra (2)

Constantino Lobo Montero. Participa como comandante no exército sublevado en 1936. Gobernador Militar de Ferrol. **Xeneral de División** na ditadura en 1962.

Ferrol cambiaba en 1981 a súa rúa por Catalunya. As Pontes, alcalde do PSOE (Valentín González Formoso, hoxe presidente da Deputación), retiráballe a Medalla de Prata en 2009.

José María López Ramón.

RETRATOS (1)

Retratos do rei Juan Carlos

ESCULTURAS, PLACAS, ESCUDOS (19)

Escultura de Camilo Alonso Vega, no hospital Juan Cardona, que o define como "Hijo Ilustre de la ciudad". Participante na sublevación de 1936. Capitán Xeneral, Director Xeral da Garda Civil, **ministro** da Gobernación.

Ferrol cambiaba en 1981 o nome do seu parque por Alexandre Bóveda e a praza por praza de Galicia. Retiraron tamén unha escultura, coñecida como "Cabezón". A Coruña retiráballe en 2010 a distinción de Fillo Adoptivo.

Escultura de Fernando Álvarez de Sotomayor no *Parque Reina Sofía*.

Estatua de José María González-Llanos na avenida de Esteiro.

Placa Cardenal Arriba y Castro, na fachada da igrexa de San Francisco. Ver Fillo Adoptivo.

Cruz dos “Caidos por Dios y por España” na igrexa de San Francisco.

Placa de homenaxe da Armada ao Cruceiro Baleares, na igrexa de San Francisco.

A Orde da ministra de Defensa, Carmen Chacón, referíase á retirada de nomes de “militares e acciones de guerra”. Así, cambiaba a denominación da rúa “Castillo de Olite”, que era un buque sublevado.

Placa franquista na praza de España con referencia a "nuestro caudillo".

Placa na casa natal de Franco, no nº 136 da rúa María, coa imaxe do “Victor” e este texto: “Primer homenaje. En esta casa nació el 4 de diciembre de 1892 y falleció en Madrid el 20 de noviembre de 1975 Francisco Franco Bahamone, Caudillo de España y Generalísimo de los Ejércitos”.

A casa foi reformada en 1959 con fondos públicos e até 1979 o concello, é dicir, a veciñanza de Ferrol pagaba a factura da luz, auga e conserxe. Como contraste, diante da casa natal de Hitler en Austria colocouse un monólito contra o fascismo.

O Pleno de Ferrol de 30 de xullo de 2018 aprobaba “iniciar os trámites para que se retire unha placa da fachada da casa natal de Franco porque enxalza o seu labor como Caudillo de España”. Tamén pedía "retirar a placa inaugural existente na Porta Nova, hoxe Praza de España, por incumprir a Lei de Memoria Histórica".

Placa na casa natal dos Franco: "En esta casa nacieron los hermanos Don Francisco y Don Ramón Franco Baamonde valientes militares que al frente del Tercio en África, y cruzando el Atlántico en el hidroavión `Plus Ultra´ realizaron heroicas hazañas que constituyen gloriosas páginas de la historia nacional. El pueblo de Ferrol hónrase con tan esclarecidos hijos, a los que dedica este homenaje de admiración y cariño. Febrero de 1926".

Tumba da familia Franco no cemiterio de Catabois. O Pleno de 30 de xullo de 2018 pronunciábase pola súa recuperación para o patrimonio municipal.

Escudo franquista na fachada do cuartel Sánchez Aguilera.

Escudo franquista na sede da Aduana, na fachada do Paseo da Mariña.

Escudo franquista no edificio da Aduana, na fachada da Rúa do Cristo.

Nome do Hospital Juan Cardona no barrio de Caranza.

Busto do rei Juan Carlos na fachada do palacio municipal.

No monumento á expedición Plus Ultra, no Cantón de Molist, figura unha referencia a **Ramón Franco:** "1492-1926. A la madre España. La patria del comandante Franco. El Comité Nacional de Homenaje de la República Oriental del Uruguay".

Placa na igrexa de San Xiao con referencia a "D. Francisco Francisco Franco Bahamonde, jefe del Estado Español hijo preclaro de El Ferrol".

Estandarte dun Reximento, na entrada ao salón de plenos do palacio municipal, con referencia a súa participación no exército sublevado en 1936.

Escultura de Álvarez Sotomayor no parque Raíña Sofía.

RÚAS (5)

Pedro Barrié de la Maza

Peirao Fernández Ladreda. Participou na sublevación de 1936. **Ministro** de Obras Públicas (1945-1951).

Ferrol acordaba (Pleno de 2 de marzo de 1981) cambiar o nome deste peirao por Canalejas, pero non se executou. Eliminaron a rúa deste militar golpista: Xixón (en 1990), Madrid (2015), Segovia (2016), Valladolid (2017). Madrid eliminaba a súa praza en 2017 e a Deputación de Cádiz retiráballe a Placa de Ouro en 2018. O Pleno de Cádiz de novembro de 2021 retiraba 29 rúas con referencias franquistas, entre elas avenida Fernández Ladreda.

Juan Cardona

Soldado Lois. Defensa retiraba a rúa que tiña no Arsenal Milita o 18 de marzo de 2022. A Ministra de Defensa (BOE de 21 de abril de 2022) designaba como Soldado Lois unha rúa, de acceso restrinxido ao persoal da Armada, entre Capitanía e o xardíns de Herrera: “Procede dar ese nome al ‘héroe’ del Cuerpo de Infantería de Marina, cuyo lema ‘valientes por tierra y por mar’, tan fielmente supo encarnar”. Non fai ningunha referencia ao barco no que loitaba (Crucero Baleares), nin que pertencía ao exército sublevado contra o goberno lexítimo, despois dun golpe de Estado.

A rúa Soldado Lois xa foi retirada de Ferrol (Hoxe Sao Paulo) en 1981. A Orde da ministra Chacón de 2009 tamén retiraba o nome de rúas de militares que tiveron un comportamento “heroico”, como o Xeneral Moscardó e o nome dunha residencia nun cuartel de Melilla ao cabo Antonio Ponte Anido.

Rúa Álvarez de Sotomayor. Fascista, alcalde da Coruña na ditadura. Procurador nas Cortes franquistas. Foi un dos promotores da *Junta pro Pazo del Caudillo* para entregar o pazo de Meirás ao ditador Franco.

MUSEO NAVAL DE FERROL (16)

Como sinala un cartaz na entrada: *El Museo Naval es una entidad de titularidad estatal, bajo dependencia orgánica del Jefe del Estado Mayor de la Armada, é dicir, o Ministerio de Defensa é o máximo responsable.*

O galego non existe neste museo. Na entrada hai un panel que dá a benvida ás persoas visitantes só en castelán e inglés: “¡Bienvenidos al Museo Naval de Ferrol! ¡Welcome to the naval museum of Ferrol!”.

Por outra parte, tampouco se respecta a toponimia oficial porque figura **El Ferrol del Caudillo** en moitas das informacións, como nas placas de varias fragatas da Armada (*Baleares, Andalucía, Asturias, Cataluña e Extremadura*) onde aparece o ano de construción *en los astilleros de la E.N. Bazán de El Ferrol del Caudillo*.

En todo o Museo Naval non hai unha soa referencia a que, como sinala o artigo 1.3 da Lei de Memoria Democrática, o 18 de xullo de 1936 houbo un “golpe militar”, que deu lugar a un réxime “ilegal”, como sinala ese mesmo artigo. Tampouco se menciona que ese réxime foi definido como fascista na Resolución 39 da Asemblea Xeral de Nacións Unidas de 12 de decembro de 1946: “De acordo coa súa orixe, natureza, estrutura e conduta xeral, o réxime de Franco é un réxime Fascista baseado no modelo da Alemaña nazi de Hitler e a fascista de Mussolini, e establecido en gran parte grazas á axuda recibida dos mesmos”.

É un museo de **exaltación do franquismo** cuns textos propios da ditadura. O golpe de Estado de 1936 é presentado como un “**alzamiento**” e unha “**guerra de liberación**”. Fai un auténtico recoñecemento e exaltación de significados militares golpistas –con exhibición de medallas e distincións, como Salvador Moreno Fernández, Francisco

Moreno Fernández e Francisco Núñez Rodríguez– ou propagandistas do franquismo como Juan Antonio Chicharro Ortega, incumprindo claramente a Lei de Memoria Democrática.

Bandeira franquista (1)

Na parte inferior leva bordado o texto: *Patrullero “Marola”*.

Cruceiro Canarias (3)

Panel explicativo: *Crucero “Canarias. Botadura el 28 de mayo de 1931. No entró en servicio hasta setiembre de 1936. No se explica que estuvo ao “servicio” dos sublevados.*

Maqueta do Crucero “Canarias” con este texto: *Regalo de los marineros voluntarios a su comandante Don Salvador Moreno Fernández.*

Maqueta do acorazado “**Bismark**” onde aparece a **cruz gamada nazi** na cuberta.

Panel que explica o auxilio do “Canarias” ao “Bismark”, sen mencionar que era un barco da Armada nazi e que o goberno da ditadura de Franco era aliado da Alemaña nazi: *Al tiempo que el navío alemán entablaba su último combate contra los buques de la Real Armada Británica, el comandante Otto Schniewind Jefe del Estado Mayor del SKI, solicitó a la Armada española el envío de naves de auxilio previendo el desenlace final de la batalla. El 27 de mayo de 1941, a las 11,40, cuando el acorazado había zosobrado, zarpó de la base de Ferrol el crucero “Canarias”, que llegó a la zona del hundimiento en la noche del 29 de mayo...Tras recorrer la zona únicamente logró rescatar los cadáveres de los marinos alemanes, que fueron devueltos al mar con todos los honores.*

Concesión de Medalla da Alemaña nazi (1)

Con este texto: *EN NOMBRE DEL PUEBLO ALEMÁN. Yo otorgo al capitán Sr. José Díaz Vázquez LA ORDEN DEL ÁGUILA ALEMANA de Tercera Clase con Espadas. Berlín el 29 de julio de 1943. EL FÜRER.*

Cruceiro Almirante Cervera (1)

Exposición dunha foto do cruceiro “Almirante Cervera” e diversos obxectos do buque. Panel sobre este cruceiro con este texto: *1936-1939. Presas hechas durante la guerra de liberación por el crucero “A. Cervera”, coa relación de 29 “presas”.*

Infantería de Marina (4)

Panel sobre a Cuarta Etapa (1931-1957) sinala que algúns grupos posicionáronse “del lado del **alzamiento**”.

No apartado referido a “La Infantería de Marina en Ferrol”, lembra *los hechos heroicos protagonizados por el comandante Vicente de Juan Gómez, que ofreció gran*

*resistencia en Muela de Sarrión (Teruel) y la protección al crucero Baleares del soldado **Manuel Lois García**, que fue condecorado a título póstumo con la Cruz Laureada de San Fernando en 1938 y la Medalla Naval.*

A foto de Manuel Lois recolle este texto: *Este soldado participou en la acción naval del Cabo Cherchel (1937) a bordo del Baleares. Se presentó voluntario para apagar el fuego causado por varios impactos en los proyectiles iluminantes del crucero.*

O Pleno de Ferrol de 2 de marzo de 1981 xa cambiou a rúa Soldado Lois, hoxe Sao Paulo, e a resolución da ministra de Defensa Carmen Chacón de decembro de 2009 retiraba nomes relacionadas con “accións de guerra”, consideradas actos heroicos e así retiraron, por exemplo, o nome de Antonio Ponte Anido á residencia de tropa do acuartelamento Capitán Arenas de Melilla.

“Decálogo del Infante de Marina”, que acaba así: *Queda aprobado el decálogo del Infante de Marina. El Comandante General de Infantería de Marina, el Excmo. General de División D. Juan A. **Chicharro Ortega**. 24 de octubre de 2008.*

O xeneral Chicharro naceu en Madrid en 1950, fillo de Juan Chicharro Lammié de Clairac, combatente na División Azul. Este xeneral, curmán de Javier Ortega Smith, dirixente de Vox, é un significado franquista, que exalta a figura do ditado Franco.

Tenente de Infantería de Mariña en 1974, fai a carreira militar con continuados ascensos, xa en democracia. Durante catro anos e como tenente coronel fo axudante de campo do rei Juan Carlos.

Ascende a Xeneral de División o 9 de xuño de 2006, sendo José Antonio Alonso ministro de Defensa no goberno socialista de Zapatero. Retírase o 14 de decembro de 2010.

En 2018 firma un manifesto en defensa e exaltación do ditador Franco xunto a outros 180 militares da alta graduación retirados. Nese mesmo ano é elixido como presidente executivo da Fundación Nacional Francisco Franco pola propia familia do ditador.

Francisco Núñez Rodríguez (4)

Placa: *Los Almirantes, Jefes y Oficiales del Departamento Marítimo de El Ferrol del Caudillo a su Capitán General Excmo. Sr. D. Francisco Múñez Rodríguez como prueba de cariño y leal afecto. El Ferrol del Caudillo. 16 de abril de 1968.*

Placa: *La Excma. Diputación provincial de La Coruña en sesión plenaria celebrada el día de la fecha acordó nombrar Hijo Predilecto de la provincia al Excmo. Señor Don Francisco Núñez Rodríguez Almirante de la Armadas Española. En atención a sus relevantes méritos y cualidades y al extraordinario interés mostrado siempre en la resolución de los problemas de la provincia. La Coruña, 28 de enero de 1969. El Presidente.*

Placa: Los armadores, empresas, técnicos y trabajadores de las marinas de Pesca y Mercante, desde el Miño al Bidasoa. En testimonio de amistad y afecto. Abril de 1968.

Vitrina: *Condecoraciones que pertenecieron al almirante Excmo. Sr. D. Francisco Núñez Rodríguez, Capitán General de este Departamento (1966-1968)*, acompañadas dunha foto do militar.

Francisco Núñez Rodríguez foi un dos principais promotores da sublevación en Ferrol o 18 de xullo de 1936, Capitán de Navío desde 1950. Xefe de Estado Maior do Departamento de Cartaxena, Almirante da Armada desde febreiro de 1966 e Capitán Xeneral de Ferrol na ditadura até abril de 1968.

Francisco Moreno Fernández (1)

Palas [distintivo do emprego nas hombreiras] utilizadas por el Jefe de la Flota Nacional Capitán de Navío D. Francisco Moreno Fernández al ascender a Contralmirante el día 22 de julio de 1937.

Militar golpista. Únese aos sublevados o 18 de xullo de 1936 cando estaba destinado en Ferrol como Xefe de Armamento do Arsenal, tomando o mando deste e participando no arresto do Contralmirante Antonio Azarola, que foi executado despois dun xuízo sumarísimo.

Nomeado polo Goberno de Burgos Vogal da Xunta de Defensa Nacional e Xefe da Flota Nacional, Vicealmirante en 1937 e Capitán Xeneral de Cartaxena cando acaba a guerra. Franco concédelle o título nobiliario de Marqués de Alborán, que é retirado en aplicación do artigo 41.1. da Lei de Memoria Democrática.

O Pleno municipal de Ferrol de 2 de marzo de 1981, sendo alcalde polo PSOE Xaime Quintanilla Ulla, cambia o nome da praza Marqués de Alborán por praza de Armas. E o Ministerio de Defensa, a petición do Pleno de Ferrol de 2009, retiraba a rúa Maqués de Alborán do Arsenal de Ferrol. Madrid tamén retiraba a rúa Almirante Francisco Moreno en abril de 2017.

A deputada ferrolá do PSOE no Congreso María Paloma Rodríguez Vázquez solicitaba en xaneiro de 2014 nunha proposición non de lei que se retiren do Panteón de Marinos Ilustres de San Fernando (Cádiz) os restos dos irmáns Salvador Moreno Fernández e Francisco Moreno Fernández.

No sumario aberto polo xuíz Baltasar Garzón da Audiencia Nacional, Francisco Moreno Fernández estaba imputado por crimes contra a humanidade.

Salvador Moreno Fernández (1)

Sable donado por la familia Moreno, que perteneció al Caballero Laureado Excmo. Sr. D. Salvador Moreno Fernández.

ARES (14)

Placa na fachada do bar *El Pescador* (local da vella Confraría de Pescadores), que fai referencia ao procurador das Cortes franquistas Baldomero Fernández Calviño.

Placas (12) do Instituto Nacional da Vivenda (INV):

Rúa Porta do Sol 1, 3 e 4.

Rúa Irmáns Bugallo: 1, 2 e 3.

Rúa do Carme, 1

Rúa da Coruña, 1, 2 e 3.

Rúa San Xosé, 2 e 3.

Vitoria xa retirou 62 desas placas, 1.000 Barcelona e 343 Paterna (Valencia). Unha sentenza do xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Palencia de 15-4-2016 condenaba ao concello de Palencia a retirar no prazo de dous meses os nomes de rúas como Conde de Vallellano (Fernando Suárez de Tangil, ministro na ditadura) e as “placas de cuantas viviendas de toda la ciudad que tengan placa del Instituto Nacional de la Vivienda”.

Rúa aviador Franco. Ramón Franco, irmán do ditador Francisco Franco, participou como aviador no exército sublevado.

Encabezou a expedición aérea Plus Ultra que en 1926 cruzaba por primeira vez o Atlántico Sur sen escalas. Pablo Rada, mecánico do avión, participou na Guerra Civil no bando republicano, emigrou a Colombia e estivo tres décadas no exilio en Venezuela.

Ramón Franco era republicano, participou nunha sublevación en 1930 contra a monarquía no aeródromo militar de Catro Ventos (Madrid). Nas eleccións a Cortes constituíntes do 28 de xuño de 1931, após proclamarse a II República, conseguiu escano por Sevilla na candidatura republicana federal revolucionaria andaluza (tamén estaban nesas candidaturas Blas Infante e Pablo Rada) e por Barcelona na candidatura de Esquerra Republicana de Catalunya (ERC), quedándose con este último.

Cando se produce o golpe de Estado do seu irmán, o 18 de xullo de 1936, estaba no estranxeiro e cando regresa intégrase na aviación franquista, ascende a tenente coronel, é destinado á base de hidroavións de Pollensa (Mallorca), participando en bombardeos sobre a poboación civil de Barcelona e outras localidades. Morreu en accidente no Mediterráneo en outubro de 1938.

O Pleno de **Ferrol** do 2 de marzo de 1981, sendo alcalde o socialista Xaime Quintanilla Ulla, aprobaba cambiar o nome de 61 rúas, entre elas a de Ramón Franco (inaugurada en 1930), que pasaba a chamarse San Diego. García Morato, outro aviador do exército de Franco, perdía tamén a rúa nese Pleno, que se chama hoxe Eduardo Blanco Amor.

En **Barcelona**, sendo alcaldesa Ada Colau, a rúa Aviador Franco no barrio Plus Ultra, pasa a chamarse Pablo Rada.

En **Torrent** (Valencia) dedicábase unha rúa ao Aviador Franco, cando era republicano, no Pleno do 24 de abril de 1931 (antes chamada Alfonso XII) dez días despois da proclamación da República. En aplicación da Lei de Memoria Histórica a Xunta de Goberno Local, con alcaldía do PSOE, acordaba o 27 de xuño de 2017 cambiar o nome da rúa Aviador Franco

En **Alacante**, sendo alcalde Luis José Barcala Sierra (PP) dende o 19 de abril de 2018, a Xunta de Goberno do 3 de xullo de 2018 eliminaba a rúa Comandante Franco (referíase a Ramón Franco); formaba parte de 36 rúas franquistas eliminadas en aplicación da Lei de Memoria Histórica, que pasa a chamarse Racing San Gabriel Asociación Cultural y Deportiva. Os nomes alternativos foron decididos polas xuntas de distrito.

CARIÑO (4)

Avenida Manuel Fraga Iribarne. Falanxista e **ministro** de Franco na ditadura.

O Pleno de **Cambados** de 21 de abril de 2017 retiraba unha escultura de Manuel Fraga e a alcaldesa do PSOE declaraba: “Fraga fue ministro con Franco, y existe una Ley de Memoria Histórica que obliga a la retirada de los elementos franquistas de los espacios públicos. Y Fraga nunca repudió los asesinatos cometidos en esa etapa”.

O manifesto **NON QUEREMOS O “CAMARADA FRAGA” COMO FILLO ADOPTIVO**, impulsado por 44 presas e presos políticos de Galiza na Ditadura, tivo o apoio de 63 historiadoras e de 56 entidades de toda Galiza.

Ferrol (alcaldía de Ferrol en Común e votos a favor de PSOE e BNG) retiráballe o 25 de abril de 2019 a distinción de Fillo Adoptivo, concedida en 1965. **Cedeira** (alcaldía do PSOE e voto a favor do BNG, que presentaba a moción) acordaba en marzo de 2020 retirarlle a avenida; posteriormente, outro pleno (votos a favor do PSOE e BNG), retiráballe a distinción de Fillo Adoptivo.

Gonzalo Caballero, secretario xeneral dos socialistas galegos, apoiaba a decisión dos seus compañeiros, sinalando que había que distinguir dúas etapas, a Ditadura e a Democracia, e que esas distincións na etapa da Ditadura “teñen todo o rexeitamento” do PSdeG-PSOE.

CEIP Manuel Fraga.

Rúa Prudencio Landín Carrasco

Alcalde de Pontevedra (1957-1959), presidente da Deputación de Pontevedra (1959-1963), procurador nas Cortes franquistas (1957-1963), gobernador civil de Guadalaxara (1963-1964), gobernador civil de Córdoba (1964-1968), gobernador civil da Coruña (1968-1972).

Placa na fachada da igrexa de Santa María de Pedra con nomes dos “Caídos” do exército sublevado en 1936.

FENE (3)

José María González Llanos y Caruncho. Fillo Adoptivo (28-10-1968).

Placas do INV nas vivendas de San Valentín (unha delas xunto ao economato).

Galería de retratos de 21 alcaldes desde comezos do século XX (tamén da ditadura) no salón de plenos (inaugurada o 21 de decembro de 2013). Esta galería forma parte dun proxecto, iniciado en 2008, de recollida de material gráfico e textual sobre a historia do concello.

MAÑÓN (2)

Rúa Puga Ramón no porto de O Barqueiro. **Presidente da deputación** na ditadura.

Avenida Prudencia Landín Carrasco no Porto de Bares.

MUGARDOS (8)

Cruz dos Caídos, inaugurada en 1944

Constantino Lobo Montero: Fillo Adoptivo (22-6-1940).

Constantino Lobo. Medalla de Prata (24-9-1943)

Constantino Lobo. Alcalde Honorario

José Antonio Girón de Velasco: Fillo Adoptivo (22-7-1943).

José Antonio Girón de Velasco. Medalla de Prata (24-8-1943).

Manuel Vázquez Fariña, alcalde na ditadura, Medalla de la Villa.

Francisco Franco: Medalla de Ouro (entregada polo alcalde Manuel Vázquez Fariña en El Pardo (26-10-1943), que aínda non devolveu a familia.

NARÓN (7)

Rúa Conde de Fenosa

Estrada Conde de Fenosa.

Travesía Lobo Montero.

Rúa Marcial Calvo Hermida. Alcalde na ditadura (1954-1974)

Rúa Pintor Sotomayor

Rúa García Morato. Aviador que se suma ao exército sublevado en 1936.

Numerosos concellos retiraron as distincións a Joaquín García Morato en aplicación da Lei de Memoria Histórica. Huelva cambiaba a rúa Aviador García Morato por Médico Luis Buendía. Sevilla cambiaba o nome de Hospital García Morato por Ciudad Sanitaria Virgen del Rocío. En Valladolid a rúa García Morato chámase Avenida del Hospital Militar desde 2014, e tamén tiveron que cambiar por sentenza do Tribunal Supremo o nome de Puente García Morato, hoxe Adolfo Suárez. O Pleno de Ferrol retiraba en 1981 a rúa García Morato, que se chama hoxe Eduardo Blanco Amor.

Cruz dos Caídos na tapia do cemiterio de San Xiao, fronte á igrexa, con 55 nomes e o texto: Caídos por Dios e por España. Jose Antonio Primo de Rivera...Presentes.

NEDA (2)

Cruz dos Caídos na avenida de Arxentina, estrada a Ferrol, con texto: Presentes. José Antonio Primo de Rivera. 18-7-1936; 1-4-1939”, e os nomes de 31 persoas.

Ferrol, sendo alcalde Vicente Irisarri (gobierno PSOE-IU) e coincidindo coa reforma da praza de Amboage e en cumprimento da Lei de Memoria Histórica de 2007, o 8 de xullo de 2010 foi retirada a Cruz dos Caídos. Inaugurada en 1940.

Fene retirada a cruz dos caídos, inaugurada en 1953, que estaba xunto á igrexa do Divino Salvador de Maniños. O alcalde do PSOE en 2007, Iván Puentes, declaraba: “Temos que limpar, por decencia e xustiza, os nosos pobos de todo tipo de exaltación franquista”.

Rúa Gerardo Luaces, alcalde na ditadura.

ORTIGUEIRA (10)

Feliciano Crespo Bello. Fillo Adoptivo (28-2-1948). Falanxista. **Alcalde** na ditadura.

Profesor Mercantil. “Camisa Vella”, ingresou en Falanxe o 15 de outubro de 1933. Serviu no exército de Franco como artilleiro no Rexemento 16 da Coruña. Funda e dirixe en 1936 “Era Azul”, semanario falanxista.

Primeiro presidente da Cámara Sindical Agraria da Coruña. Conselleiro Nacional do Movemento. Medalla de Ouro da “Vieja Guardia” (1952). Alcalde na ditadura de 1941 a 1945, deputado provincial de 1941 a 1952 e vicepresidente interino da Deputación.

José María Barro Soto. Fillo Adoptivo (4-2-1976). **Alcalde** na ditadura

Paseo do alcalde Barro Soto. José María Barro Soto, **alcalde** na ditadura (1958-1959/1969-1976)

Juan Luis Pía Martínez. Fillo Adoptivo a título póstumo (22-6-2000). **Alcalde** antes das primeiras eleccións municipais democráticas.

Avenida Juan Luis Pía Martínez

Eugenio López López. Fillo Adoptivo (27-12-1970).

Significado falanxista. Avogado. Delegado Nacional de Juventudes dende 1962 (o *Frente de Juventudes* era a sección xuvenil da Falange). Director Xeral de Ensino Primario na ditadura dende o 22 de maio de 1968. Gobernador Civil de Cuenca, conselleiro nacional do Movemento. Fiscal da Audiencia Territorial de Madrid e a Coruña. Fiscal Xefe da Audiencia Territorial de Burgos.

O 13 de xaneiro de 1957 recibía a “Encomienda sencilla de la Orden Imperial del Yugo y las Flechas”, unha distinción que se concedía a persoas destacadas da ditadura franquista. O 17 de xullo de 1971, a proposta do ministro do Exército Juan Castañón de Mena, Franco concedíalle a “Gran Cruz de la Orden del Mérito Militar, con distintivo Blanco, en atención a los méritos y circunstancias que concurren en don Eugenio López y López”.

En Palma de Mallorca, alcaldía do PSOE, o CEIP Eugenio López, que levaba ese nome desde a ditadura (28-5-1973) pasaba a chamarse Aina Moll, filóloga, en abril de 2011, a proposta do Consello Escolar e en aplicación da Lei de Memoria Histórica.

Jorge Vigón Suero Díaz. Fillo Adoptivo (30-9-1959) “por el desarrollo de una magna labor en pro del engrandecimiento de la Patria conforme a las normas del Glorioso Movimiento Nacional”. **Ministro** na ditadura.

Constantino Lobo Montero. Fillo Adoptivo (2-2-1958) “por su apoyo a la villa en las esferas superiores”. Militar **golpista**.

José Manuel Pardo de Santayana Suárez. Fillo Adoptivo (10-10-1953). Falanxista, **gobernador civil** da Coruña, Lleida, Baleares, Zaragoza e Madrid.

José Antonio Girón de Velasco. Fillo Adoptivo (12-2-1951). Falanxista, **ministro** na ditadura.

José Antonio Girón de Velasco (1911-1995) participou na fundación das Juntas Obreras Nacional Sindicalistas (JONS) despois unificadas coa Falanxe. Cando se inicia a sublevación de 1936 e a Guerra Civil, sendo xefe das milicias falanxistas de Valladolid, púxose á fronte dunha centuria de tales milicias e encamiñouse ao Alto do León, integrándose na columna que mandaba o coronel Serrador, que intentaba avanzar rapidamente cara a Madrid nos momentos iniciais de desconcerto, para conseguir o dominio da capital e acabar co goberno lexítimo da II República; pola súa actuación en aquelas operacións recibiu a Medalla Militar Individual. Cando finaliza a guerra foi nomeado delegado nacional da politicamente influente Asociación Nacional de Ex Combatentes e, pouco despois, ministro de Traballo. Foi tamén membro do Consello do Reino e procurador das Cortes franquistas (Informe da Comisión de Expertos da Coruña en 2009 para retirarlle a distinción de Fillo Adoptivo da Coruña).

O Pleno de **Ferrol** de 1981, alcaldía do PSOE, cambiaba a rúa José Antonio Girón de Velasco por Ricardo Carbalho Calero. O concello de **As Pontes**, sendo alcalde Valentín González Formoso, retiraba no pleno de xaneiro de 2009, por unanimidade, a Medalla de Prata a José Antonio Girón de Velasco. O concello da **Coruña** concedeulle a distinción de Fillo Adoptivo o 30-11-1950, que retirou no Pleno de 1 de marzo de 2010.

PONTEDEUME (8)

Praza del maestro Álvaro Vázquez Penedo. Falanxista.

Álvaro Vázquez Penedo. Fillo Adoptivo (1967).

Falanxista. Participa no exército sublevado, conseguindo a Medalla de Campaña; Cruz de Guerra e Medalla Militar Colectiva. Delegado comarcal de Xuventude en 1939. Funda en 1940 o Colexio Academia Cervantes, transformado despois no Colexio Luis Vives por Robustiano de Castro en 1947.

Manuel Fraga Iribarne. Fillo Adoptivo.

Eugenio López y López. Fillo Adoptivo.

Gumersindo Varela Paz. Fillo Predilecto (19-9-1991). Garda Civil, participa na sublevación de 1936.

Despois do triunfo da Fronte Popular nas eleccións de febreiro de 1936 intensificáronse as reunións de militares para organizar un golpe de Estado contra o goberno da República nas que participaban os capitáns da Garda civil Gumersindo Varela e José Rañal, o tenente coronel da Garda Civil Benito de Haro e o Comandante de Estado Maior Fermín Gutiérrez de Soto (despois Capitán Xeral de Galicia). Eduardo Ozores Arraiz (posteriormente sería alcalde da Coruña), daquela capitán do Rexemento de Artillería nº16, actuaba de enlace cos golpistas Rañal e Haro. Fracasado o intento, Varela Paz é desprazado á Comandancia de Zamora.

Cando se produce a sublevación do 18 de xullo de 1936 o capitán Varela Paz estaba en Huelva e nos primeiros días mantívose fiel ao Goberno da República, pero despois pasouse ao bando rebelde e dirixiu unha columna fascista o 25 de agosto de 1936 que participou no asalto á Conca Mineira de Río Tinto (Huelva). Recibe a Gran Cruz Militar de San Hermenegildo en 1939.

Como coronel da Garda Civil, Gumersindo Varela comandaba unha cuadrilla da Garda Civil, apoiada por falanxistas, que asasinaron en 1943 o médico Lodario Gavela Yáñez no val de Fornela (León). Este médico, moi querido na zona, non era afecto ao réxime e axudaba aos guerrilleiros.

Urbanización Salgado Torres. Falanxista, participou na represión.

Juan Sarmiento Patiño. Alcalde na ditadura de 12-12-1940 até 1970.

Mestre interino na II República. Voluntario no exército sublevado, participa na fronte de Asturias. Consegue o grado de sarxento na Academia de Suboficiais de León.

Parque Alcalde Sarmiento (30-9-1971).

SAN SADURNIÑO (1)

Constantino Lobo Montero Fillo Adoptivo.

VALDOVIÑO (1)

Rúa Pedro Fernández Martín. Almirante, golpista.

Pedro Fernández Martín naceu en Xerez da Fronteira en 1898 e ingresa en 1914 na Escola Naval de San Fernando. Era Alférez de Navío en 1919.

Participa no exército sublevado en 1936 contra a República, sendo destinado ao mando do destrutor *Velasco* e despois ao cruceiro auxiliar *Ciudad de Alicante*. Cando acaba a Guerra Civil ascende a Capitán de Fragata ao mando do destrutor *Almirante Valdés* e despois ascende a Capitán de Navío ao mando do cruceiro *Méndez Núñez*.

Despois dun programa de colaboración do exército de Franco coa Alemaña de Hitler, presta servizo dende 1942 na Kriegsmarine (armada nazi) durante a II Guerra Mundial.

Cando era Almirante foi nomeado Capitán Xeral do Departamento Marítimo de Ferrol o 6 de maio de 1957, cargo que mantén até 1962 que falece.

A petición en 2010 de Memoria Histórica e Democrática de Ferrol, o concello de Ferrol retiraba unha placa co nome do Almirante Pedro Fernández Marín, situada na fachada do Parador de Turismo.

Espero que estes 124 elementos contrarios á memoria democrática das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal se incorporen ao Catálogo de simboloxía franquista que se está a elaborar a nivel de Estado.

Poden contactar comigo para ampliar esta documentación.

Reciba un cordial saúdo.

A Coruña, 18 de setembro de 2023.

Asdo. Manuel Monge González manolomongegonzalez@gmail.com 